



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto :HORARIO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE CEDEIRA

Data decreto: 06/03/2012

Núm. Decreto: 77

Vista a solicitude de modificación do horario do persoal laboral presentada por D. José Ángel Picos Loureiro o 1 de marzo de 2012 (rex. de entrada nº 1048). Achega acta da reunión do Comité de Empresa do Persoal Laboral do Concello de Cedeira celebrada o 29.02.2012, na que se acordou:

"(...) Proponer ó Concello de Cedeira que o horario de verán do persoal laboral de mantemento mencionado na Resolución da Alcaldía nº de decreto 626, con data 03/10/2011 que fai referencia ó horario do persoal laboral e funcionario das oficinas municipais e do persoal laboral de mantemento sexa en xornada intensiva desde o inicio da primavera ata o mes de outubro (período que sería desde o 19 de marzo ata o 30 de setembro) en horario de 7:00h ata as 14:30h. Proposta que se transmite o Comité de Empresa, e se traslade o Concello. Esta proposta é aprobada pola maioría dos traballadores de mantemento por 7 votos a favor e 2 en contra."

Considerando que é atribución da Alcaldía, de conformidade co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a dirección da administración municipal e dos seus servizos, e a xefatura superior de todo o persoal, RESOLVO:

Primeiro.- Fixar o horario do persoal laboral de mantemento (Almacén de A Xunqueira) do seguinte xeito:

- Do periodo que abrangue **1 de outubro ata o 18 de marzo**, ambos incluídos:
 - de luns a xoves:
 - horario de 8.30 horas ata 13.30 horas e de 15.00 horas a 18.00 horas.
 - venres:
 - horario de 8.30 horas ata 14.00 horas.
- Do periodo que abrangue do **19 de marzo ata o 30 de setembro**, ambos incluídos:
 - De luns a venres:
 - horario de 7.00 horas ata as 14.30 horas.

Segundo.- Notifíquese a presente Resolución ós distintos servizos e departamentos do Concello afectados, para o seu coñecemento e cumprimento.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde, do que eu, secretaria, dou fe.

Cedeira, **06/03/2012**

O alcalde,

A secretaria xeral,

Leopoldo Rubido Ramonde

Mª Cristina Varela García